

CRITERIOS PARA A CERTIFICACIÓN NO SPG PARA O PEQUENO COMERCIO

INTRODUCCIÓN

Propoñemos uns criterios de certificación específicos para as tendas que desexen participar do SPG. Faise esta distinción posto que os procesos de compra e venda e as canles de comunicación internas e externas poden ser moi diferentes das de grupos de consumo, por exemplo.

CRITERIOS DE CERTIFICACIÓN

- Soamente poderán formar parte do SPG os “pequenos comercios” independentemente da forma xurídica, aínda que se valoren positivamente as fórmulas asociativas.. Ante a dificultade de definilo con precisión, optamos por considerar pequeno comercio aqueles que teñan un único punto de venda, aínda que poidan colaborar de distintas formas con outros.
- Os pequenos comercios adheridos ao SPG deberán participar de forma solidaria nas actividades de certificación e nos órganos de goberno dos que se dote a organización para o seu funcionamento.
- Debe existir o compromiso de publicitar o SPG e as actividades relacionadas nos medios de comunicación usados polo comercio (na propia tenda, a través dunha páxina web, redes sociais,...).
- Os comercios deberán informar produto por produto, e de non ser posible cunha listaxe xenérica, da procedencia dos diferentes produtos. Facilitando desta forma o coñecemento por parte dos consumidores e consumidoras da orixe dos alimentos que consumen e dos labregos e labregas que as producen.
- Debe existir unha preferencia pola venda de produtos locais (e por tanto de tempada). De existir oferta suficiente de produtos que cumpran os criterios de calidade do SPG, como mínimo o compromiso será ter alternativas locais a outros produtos que non o sexan.
- Darlle sempre maior importancia aos produtos de tempada, non se trata so de limitar a oferta dos produtos que non o sexan, senón tamén informar para que se coñezan.

VALORARASE POSITIVAMENTE

- As fórmulas xurídicas da economía social e a aplicación dos seus principios.

1-Independentemente da forma xurídica, aínda que se valoren positivamente as fórmulas asociativas.

2-Entendemos isto como un punto de partida, que podería ser revisado para completar ou ampliar a descrición a medida que sexa preciso.

3-Por un lado parécenos difícil prescindir por completo de produtos que veñan de longas distancias, pero si se queren adoptar medidas que aposten e promovan as opcións locais e que gañen importancia.

Faríase a excepción daqueles comercios familiares (en sentido amplo) ou xestionados por unha soa persoa.

- Que se ofrezan so produtos locais, sempre que exista oferta deles.

- Que a actividade do comercio se centre exclusivamente na venda de produtos ecolóxicos, avalados por sistemas de garantía recíproca ou equivalentes.
- Que exista un compromiso co “consumo responsable”. Entendéndose de forma ampla como un compromiso coas persoas, animais e o medio. Exemplos (dunha lista que podería ser moi longa): venda de graneis, produtos de comercio xusto, produtos non testados en animais, minimizar envases,...
- Participación en redes de economía social, agroecoloxía, consumo responsable,...
- A participación en comisión ou grupos de traballo específicos do SPG. Ademais de colaborar na organización de charlas, visitas a fincas e outras actividades.
- Valorarase a firma de acordos de compra anuais con labregos e labregas do SPG. Poderían ser anuais ou por tempadas, como orientación.

4-Por fórmulas equivalentes, entenderíanse outras situacións nas que a falta doutra garantía, existe unha relación de confianza e coñecemento mutuo.

5-Poderían ser anuais ou por tempadas, como orientación.